SARABELA TEATRO

CREACIÓN E DIRECCIÓN: **GONÇALO GUERREIRO**

CRÓNICAS DO PARAÍSO

SABELA GAGO FERNANDO DACOSTA
FINA CALLEJA FRAN LAREU ELENA SEIJO

INSPIRADO NAS "CRÓNICAS DO SOCHANTRE" DE ÁLVARO CUNQUEIRO
TEXTOS DE FERNANDO DACOSTA

AGADIC Agencia Galega das Industrias Culturais

XUNTA DE GALICIA

SARABELA TEATRO

O prestixio indiscutible, a capacidade única deste autor danlle unha relevancia especial. Ningún lector nin espectador poden ficar indiferentes diante deste universo máxico que crea con estilo orixinal e metafórico Álvaro Cunqueiro.

Escrita de enorme valor literario do autor, na destaca a súa erudición e fantasía o texto dramático de As crónicas do Sochantre, baseado na novela homónima de Álvaro Cunqueiro amosa unha crítica social das que rescataremos as referencias á época contemporánea nunha cidade calquera do mundo occidental.

Ademais, o traballo de corpo leva a unha mestura de xéneros, clave no teatro contemporáneo, ao fundir a interpretación e danza, as linguaxes non verbais (como iluminación e son) coas verbais do texto de Cunqueiro, nun espazo e nun tempo metafóricos.

Trátase dun texto que entusiasma, como entusiasma o autor.

Estamos diante dunha posta en escena singular, dende o momento en que todos os personaxes parecen avanzar cara a deriva neste día e medio no que transcorre a peza. Unha narración que transformaremos en teatral, suliñando o "tránsito" dos personaxes. O tránsito entre a vida e a morte, entre os diferentes espazos polos que avanza este carruaxe dos "non vivos", recreando atmosferas diferentes apoiándonos en todolos recursos expresivos cos que contamos a partir dun equipo artístico e técnico solvente e entregado.

Un dos trazos máis atractivos do espectáculo reside na continua pasaxe de situacións que explotan a comicidade.

A nivel artístico, temos fundadas esperanzas de crear, cun equipo magífico, un espectáculo marabilloso. Deseñadores/as, actrices e actores moi convincentes, construirán personaxes únicos. Os seus estilos son tan bos como a obra.

Un dos elementos máis singulares deste proxecto é que se afasta das montaxes "pechadas" e achéganos á performance "aberta".

O crime compensa
O diñeiro compra todo, incluso a propia morte
O Sochantre gaña un pomar a cambio da música no Funeral
Non hai mortes
Ninguén morre
Están todos mortos
Os bandidos nunca morren

A OBRA: • SINOPSE:

CRÓNICAS DO PARÁISO

" Madame de Nancy, Clarina e Xan Dorne viaxan cara ao funeral de Madame de Quelven acompañados polo clérigo Sochantre. Durante a noite que pasan xuntos confúndese a morte coa vida e o drama coa comedia.

O funeral de Madame de Quelven contextualiza un universo viaxeiro poboado por bandidos, armas, sexo, diñeiro e sangue. Ao ritmo do blues o crime compensa, porque o diñeiro compra todo, incluso a propia morte. Nas “Crónicas do Paraíso” ninguén morre, quizais porque estean todos mortos ou porque o verdadeiro bandido, o poderoso, o socialmente envexado, ese, siga eternamente vivo.

Na cerimonia fúnebre interprétase a música prometida en testamento polo Sochantre de Crozon a Madame de Quelven a cambio da propiedade do pomar do alto. Mais rapidamente se infrinxen as formalidades da ocasión por parte dos presentes que velan o corpo da defunta. O funeral transfórmase nunha réproba celebración na que a tristura dá lugar á luxuria. Sorprendentemente o cadaleito ábrese e resulta que a defunta... está viva. Se non hai morta, que valor ten o seu testamento? O Sochantre, home relixioso e defensor dos valores da alma, está determinado a cobrar o que lle é debido e pouco a pouco vaise revelando máis achegado aos segredos da carne que ás virtudes do espírito. A actitude obstinada do clérigo acaba por envolver aos cinco personaxes nun enmarañado conflito de valores, culpas e desexos que os leva a revelar os seus máis profundos segredos e pecados.

Descubrimos que todos son culpables criminosos protexidos, integrados e admirados por unha realidade social que exalta a beatitude do poder económico.

A forza do capital, da igrexa e do negocio escuro colocan aos personaxes nunha situación irónica entre vida e morte na que a eternidade acaba por afirmarse como a máis pura recompensa da impunidade xudicial.

• ADAPTACION:

"Crónicas do paraíso" é unha versión libre de "As Crónicas do Sochantre" de Álvaro Cunqueiro. A trama orixinal de Cunqueiro sirve para dar forma a unha nova estructura narrativa habitada polo universo do crime. Manténse a liña xeral da historia do Sochantre de Crozon que a cambio de exercer as súas funcións musicais no funeral do fidalgo de Quelven recibirá deste un pomar de agasallo. Un grupo de 5 personaxes interpretados por tres actrices e dous actores viaxa cara ao funeral do fidalgo de Quelven. Durante aproximadamente unha noite e un día, o tempo que dura a acción, confúndese a morte coa vida e o drama coa comedia.

Cunqueiro é a primeira referencia autorial dun proceso de dramaturxia que pasa tamén polo autor polaco Slawomir Mrozek como inspirador de determinadas situacións e diálogos que se suceden na peza.
Mrozek é autor de obras teatrais de recoñecido prestixio pero nesta ocasión o material no que nos inspiramos para ir pechando a estrtura e os diálogos da obra é nos seus relatos. Os seus escritos son corrosivos e acedos. Presenta unha seriedade no que toca, mesmo o que poderiamos considerar imposibe, pero o choque de situacións, a ironía, o sarcasmo acaban levando á gargallada. É o seu xeito de amosar con humor unha realidade influenciada polos contrasentidos e o absurdo.

Se Cunqueiro é a primeira fase, Mrozek é o baruto, a peneira para achegarnos a unha linguaxe contemporánea e sorprendente.

Ese xogo de capas reprodúcese na dramaturxia final levada a cabo pola compañía.
A primeira parte, de imaxes, de estrutura, de propostas, de fío, parte do director, Gonçalo Guerreiro, mentres que hai outra parte, de concreción nos diálogos, de selección de textos, que se debe a Fernando Dacosta.

Plantéxase así o xogo do crebacabezas dramatúrxico: textos que encaixan en imaxes, diálogos que acompañan ou dan sentido a movementos, xogos que parten de palabras, pezas que van separadas, nunha mesma dirección, para ordearse tralo xogo creativo, fundamental en todo proceso escénico.

• POSTA EN ESCENA:

A dramaturxia do espectáculo utiliza alguns dos personaxes orixinais e do respectivo texto de Cunqueiro pero básase fundamentalmente no traballo plastico dos intérpretes e na súa constante interacción cos elementos escenográficos para evocar unha trama na que a imaxe colle grande protagonismo en relación ao texto. A posta en escena fundamentase deste xeito no carácter visual e na narrativa das propias accións físicas. O texto, a manipulación dos obxectos, a música gravada e a música interpretada en directo crean un todo orgánico que se materializa na estructura escenográfica e no seu proceso evolutivo arroupado pola iluminación.

O absurdo das situacións crea naturalmente un efecto traxi-cómico que nos fai perder unha visión xusta e lúcida da realidade do crime, da morte e da punición. Hai corpos mortos que se erguen, balas que non matan e un caixón por onde desaparecen os vivos e aparecen os mortos.

• O ESTILO: O MODO

O equilibrio entre os fondos e as formas vén sendo un camiño de exploració intensa na nosa Compañía. Adoitamos traballar cos elementos esenciais e impre- scindibles na espacialización; un espazo escénico capaz de sustentar este universo recreado que ás veces será metafórico, outras veces metonímico, de cando en vez contextos.

Da mán de Gonçalo Guerreiro exploramos todos los recursos plásticos a través do xogo, a espontaneidade corporal, o instinto e a percepción ao servizo dunha narrativa eficaz O Teatro de Movemento do que é seguidor pemitirá ao actor abordar a interpretación teatral de forma progresiva, alimentando constantemente a dimensión técnica das linguaxes coa riqueza dos estados dramáticos. O obxectivo principal continua sendo o de desenvolver unha linguaxe teatral propio que permita abordar as cuestións sociais, existenciais e ambientais que determinan a vivencia humana. Adoptaremos a palabra coas súas connotacións musicais, o son, a música en escena, a iluminación xogando con variacións nunha liña de teatro contemporáneo.

Todos os elementos visuais e auditivos terán que contribuír a facilitar a comunicación do mundo máis íntimo de cada personaxe ao mundo exterior na súa vertente máis social. Nesta obra coexisten realidade e delirio intercomunicados en distintas esferas. Fondo e forma tratados con atrevemento, para renovar os mitos e darlle vida ao constante dilema do teatro e a vida

• HISTORIA :

Na cerimonia fúnebre interprétase a música prometida pelo Sochantre de Crozon, pero rapidamente se comezan a infrinxir as formalidades da ocasión por parte dos presentes que velan o corpo do morto. O funeral transfórmase nun evento puramente social no que a suposta tristura dá lugar a un descomprometido e festeiro convivio. Escóitanse varios barullos suspeitos dos cales se descoñece a orixe. Algún tempo despois verificase que os sons veñen... do caixón. Quítase o morto do caixón para comprobar a súa morte.

Durante toda a acción os personaxes narran unha selección detallada das orixinais "Crónicas do Sochantre" na que todos se declaran culpados *criminosos*, pero nesta versión rematan exentos de calquera tipo de punición. O poder do diñeiro e do negocio obscuro coloca os personaxes nunha situación irónica entre vida e morte na que a eternidade acaba por afirmarse como o mais duro castigo xudicial.

• TEMÁTICA :

O funeral do fidalgo de Quelven contextualiza un universo viaxeiro poboado por bandidos, armas, diñeiro e sangue. Ao ritmo dunha boa música, subxectividades a parte, o crime acaba por compensar porque o diñeiro compra todo, incluso a propia morte. Para reforzar esta premisa, en "Crónicas do paraíso" non hai mortes nin ninguén morre quizáis porque estexan todos mortos ou porque o verdadeiro bandido siga eternamente vivo.

REPARTO ARTÍSTICO E TÉCNICO

INTÉRPRETES:

ELENA SEIJO,
FERNANDO DACOSTA,
FRAN LAREU
FINA CALLEJA,
SABELA GAGO

Deseño de escenografía:
GONÇALO GUERREIRO
CAROLO LOSADA

Deseño de iluminación:
BALTASAR PATIÑO

Deseño de vestiario:
TEGRA VÁZQUEZ CARPENTIER
LELE MARTÍNEZ

Maquillaxe e caracterización:
SARABELA TEATRO

Deseño gráfico:
EXPRESIVA

Espazo sonoro:
VADZIM YUKNEVICH

Fotografía:
OVIDIO ALDEGUNDE

Gravación e DVD:
ALBA V. CARPENTIER

Distribución:
FINA CALLEJA/ MARÍA CASAR

Produción artística e económica:
CARLOS DOMÍNGUEZ DEL RÍO

Técnicos en escena:
RUBÉN DOBAÑO, J.M. BAYÓN

Adaptación/Versión:
FERNANDO DACOSTA

CREACIÓN E DIRECCIÓN
GONÇALO GUERREIRO

SARABELA
TEATRO

www.sarabelateatro.com